

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

A CORUÑA

Área Economía, Facenda e Réxime Interior

Convocatoria específica do procedemento de concorrència para a selección dunha entidade colaboradora para a xestión, entrega e distribución dos fondos correspondente ás axudas a dinamización económica e comercial da Coruña, mediante os BONOS PRESCO

Concellaría de Economía, Facenda e Réxime Interior

ANUNCIO

O Concelleiro de Economía, Facenda e Réxime Interior, por delegación da Xunta de Goberno Local do 28/06/2019 (BOP núm. 124 do 03/07/2019), con data do 30/07/2021, aprobou a seguinte:

Convocatoria específica do procedemento de concorrència para a selección dunha entidade colaboradora para a xestión, entrega e distribución dos fondos correspondente ás axudas a dinamización económica e comercial da Coruña: sector do comercio polo miúdo, sector hostaleiro, sector cultural, sector do taxi e para as barberías e outros tratamentos de beleza, a través dos Bonos PRESCO.

O Concello, no marco do Plan de Reactivación Económica e Social da Coruña (PRESCO 2021) para facer fronte á crise causada pola COVID-19, vai proceder á convocatoria de concesión de axudas económicas dirixidas a propiciar o fortalecemento dos sectores comercial, hostaleiro, cultural, do taxi, barberías e outros tratamentos de beleza, estimulando a demanda e reducindo o impacto económico negativo derivado do cesamento e das restricións da actividade comercial como consecuencia da crise ocasionada pola COVID-19.

A axuda farase efectiva a través dos Bonos PRESCO, que poderán ser utilizados nas operacións comerciais, culturais e de servizos en vehículos (taxis) e/ou perante os operadores dos sectores mencionados no parágrafo anterior, radicados na cidade da Coruña e adheridos ao sistema de bonos implementado, identificados tamén -a estes efectos- como “operadores económicos”.

O PRESCO 2021 prevé a distribución mediante bonos dun total de 985.000 € co seguinte desglose:

- Bono 10 Comercio: destinado ao comercio de proximidade, cunha dotación de 400.000 euros
- Bono Hostalería: destinado á hostalería de proximidade, cunha dotación de 200.000 euros.
- Bono Salóns de Peiteado e Estética: destinado aos salóns de peiteado, barberías e centros de estética, cunha dotación de 100.000 euros.
- Bono Mobilidade (Taxi): destinado ao colectivo do taxi, cunha dotación de 50.000 euros.
- Bono Cultura: destinado a industria cultural, cunha dotación de 235.000 euros.

Os usuarios e usuarias dos citados Bonos PRESCO serán as persoas físicas maiores de idade, parte activa, fundamental e imprescindible para levar a cabo esta campaña de dinamización e reactivación económica de estes sectores produtivos de proximidade.

Tanto a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (en adiante LXS) como a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (en adiante LSG) prevén a posibilidade de contar con entidades colaboradoras no procedemento de xestión e pagamento de axudas públicas. O artigo 12 da LXS, norma de carácter básico, define como entidade colaboradora “aquela que, actuando en nome e por conta do órgano concedente para todos os efectos relacionados coa subvención, entregue e distribúa os fondos públicos aos beneficiarios cando así se estableza nas bases reguladoras, ou colabore na xestión da subvención sen que se produza a previa entrega e distribución dos fondos recibidos. Estes fondos, en ningún caso, consideraranse integrantes do seu patrimonio”.

Segundo o establecido no artigo 16.5 da LXS, no suposto de que as entidades colaboradoras sexan persoas suxeitas ao dereito privado seleccionaranse previamente mediante un procedemento sometido aos principios de publicidade, concorrència, igualdade e non discriminación e a colaboración formalizárase mediante convenio. Na mesma liña exprésanse os artigos 9 e 13.4 da LSG.

A teor do exposto, en virtude das competencias que ten atribuídas a Concellaría de Economía, Facenda e Réxime Interior, de acordo co fixado no decreto 2019/3846 emitido pola Alcaldía-Presidencia do Concello da Coruña, con data 26 de

xuño de 2019 (BOP número 124 do 3 de xullo de 2019, modificado polo decreto 5749/2020, de 1 de setembro de 2020, (BOP número 148, do 9 de setembro de 2020) e o acordo de delegación da Xunta de Goberno Local de 1 de xullo de 2019 (BOP número 124 de 3 de xullo de 2019)

DISPÕO

Artigo 1. Convocatoria.

Convócase o procedemento para a selección da entidade colaboradora que participará na xestión, entrega e distribución das axudas económicas que se farán efectivas a través dos Bonos PRESCO, respectando ás bases e á convocatoria específica pola que se estableza o procedemento de concesión destes.

Artigo 2. Obxecto da colaboración.

O obxecto da colaboración é a xestión, entrega e distribución das axudas do Plan de Reactivación Económica e Social da Coruña (PRESCO), a través dos Bonos PRESCO. Para estes efectos, subscribírase un convenio de colaboración co Concello da Coruña, segundo o modelo que figura como anexo I, que complementa e integra o contido desta convocatoria.

Artigo 3. Requisitos e condicións de solvencia.

Poderán ser entidades colaboradoras as entidades de crédito (no sentido establecido no artigo 1 da Lei 10/2014, de 26 de xuño, de ordenación, supervisión y solvencia de entidades de crédito), con personalidade xurídica e plena capacidade de obrar, validamente constituídas, e que cumpran os requisitos establecidos no artigo 13 da LXS e 10 da LSG, e ademais os seguintes:

- Ter oficinas comerciais abertas na cidade da Coruña.
- Acreditar experiencia na xestión económica financeira con administracións públicas.

A entidade colaboradora deberá encontrarse ao día no pagamento das obrigas coa Facenda pública do Estado, da Administración autonómica e o Concello da Coruña, así como coa Seguridade Social.

Así mesmo a entidade colaboradora actuará en nome do órgano concedente para todos os efectos relacionados coa subvención, entregando e distribuindo os fondos públicos aos operadores económicos adheridos ao programa de bonos de incentivos ao consumo.

Artigo 4. Prazo da colaboración

O prazo de duración da colaboración estenderase desde o momento da sinatura do correspondente convenio (modelo anexo) ata o 31 de decembro de 2021, sen prexuízo das necesarias comprobacións e xustificacións que se deriven do mesmo.

Se o Concello decidise ampliar o programa de bonos máis alá desta data, o prazo de duración do convenio quedará automaticamente prorrogado no tempo equivalente a esa extensión temporal, ou aquel que se precise mediante addenda ao mesmo.

A Concellería de Economía, Facenda e Réxime Interior informará de xeito inmediato á entidade colaboradora da aprobación da dita extensión do programa. Todo elo sen prexuízo da obriga da entidade colaboradora de acreditar axeitadamente a entrega de fondos aos beneficiarios así como a súa trazabilidade.

Artigo 5. Obrigas e compromisos das entidades colaboradoras

Son obrigas das entidades colaboradoras, sen prexuízo do disposto no artigo 15 da LXS e artigo 12 LSG, particularmente:

1. Someterse ás actuacións de comprobación e control financeiro dos órganos competentes da Administración local, autonómica, estatal e comunitaria no exercicio das súas funcións.
2. Cumprir cos criterios establecidos no convenio suscrito co Concello da Coruña.
3. Actuar en nome e por conta do Concello da Coruña, entregando e distribuindo as axudas do Plan de Reactivación Económica e Social da Coruña (PRESCO), a través dos Bonos PRESCO.
4. Conservar a documentación relacionada coa axuda durante un período de dous anos desde a sinatura do convenio de colaboración.
5. Cumprir, en materia de protección de datos, co Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos; coa Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais; e as demais disposicións vixentes sobre a materia.

6. Deixar clara constancia nos seus rexistros contables e así facilitar a axeitada xustificación da subvención e a comprobación do cumprimento das condicións establecidas, de acordo co disposto no artigo 16.3.j da LXS, e demais disposicións de concordante aplicación.

Artigo 6. Outras obrigas da entidade colaboradora: xustificacións de libramentos aos operadores económicos.

A entidade colaboradora, xunto co resto de deberes precisados no modelo de convenio anexo, deberá librar os fondos aos operadores económicos, de conformidade aos bonos consumidos, cunha periodicidade semanal.

Asemade, deberá comunicar ao Concello, a través do correspondente ficheiro, as operacións de liquidacións e transferencia de abono (libramentos) realizados, tamén con unha periodicidade semanal.

O control económico, supervisión, seguimento e inspección da actividade subvencionada será realizado de acordo co disposto na LXS e no RXS, así como segundo o disposto a tal efecto na Ordenanza xeral de subvencións da Área de Benestar do Concello da Coruña e nas bases de execución do orzamento xeral vixente.

A entidade colaboradora quedará sometida ás actuacións de comprobación que respecto da xestión de subvencións poida efectuar o Concello da Coruña a través da Intervención Xeral, así como calquera outras de comprobación e control financeiro que poida realizar a dita Intervención e outros órganos de control competentes, achegando toda a información que lle requiran no exercicio das actuacións anteriores.

A entidade colaboradora deberá conservar a documentación xustificativa do cumprimento dos deberes establecidos nesta convocatoria e no convenio anexo durante o prazo de prescrición do dereito do Concello da Coruña a recoñecer ou liquidar o reintegro de acordo co previsto no artigo 39 da LGS.

As obrigas enunciadas nos apartados precedentes ao igual que as precisados no modelo de convenio anexo, respecto da entidade colaboradora, son independentes e compatibles co deber de remitir a Intervención Xeral do Concello en formato electrónico (ficheiro tipo XLS), a información dos operadores económicos beneficiarios finais da axuda, que se deben enviar á Base de datos nacional de subvencións (BDNS), cos datos mínimos seguintes:

1.- TÁBOA DE CONCESIÓNS

CAMPO	OBSERVACIÓNS
IDENTIFICADOR DA CONCESIÓN	Número único para cada beneficiario. Se cumpre esta condición de unicidade pode utilizarse o número de expediente en OpenCertiac
NÚMERO IDENTIFICATIVO DO BENEFICIARIO	NIF, NIE ou PASAPORTE
PAÍS EMISOR DO DOCUMENTO DO BENEFICIARIO	Só necesario e obrigatorio se o número identificativo é o PASAPORTE
DATA DA CONCESIÓN	Data da primeira concesión no caso de que teña varios pagamentos
NOME DO BENEFICIARIO/ DENOMINACIÓN SOCIAL	Os apelidos deben consignarse nos campos correspondentes
APELIDO 1 DO BENEFICIARIO	
APELIDO 2 DO BENEFICIARIO	
DOMICILIO DO BENEFICIARIO	
CÓDIGO POSTAL DO DOMICILIO	
LOCALIDADE DO DOMICILIO	
PROVINCIA DO DOMICILIO	
TIPO DE BENEFICIARIO	Debe indicarse algún destes valores: FSA: Persoa física que non desenvolve unha actividade económica JSA: Persoa xurídica que non desenvolve unha actividade económica PFA: PEMS ou persoas físicas que desenvolven unha actividade económica GRA: Gran empresa
SECTOR ECONÓMICO	Só necesario é obrigatorio cando o tipo de beneficiario é PFA ou GRA. Só poderán admitirse valores da clasificación CNAE 09 correspondente ao beneficiario.
IMPORTE DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA	
CUSTO TOTAL DA ACTIVIDADE	No caso de financiamento de actividades é preciso sinalar o custo total da actividade financiada. Se a axuda non está vinculada ao desenvolvemento dunha actividade concreta orzamentada polo beneficiario na súa solicitude consignarase o importe da subvención.

2.- TÁBOA DE PAGAMENTOS

CAMPO	OBSERVACIÓNS
IDENTIFICADOR DO PAGAMENTO	A cada pagamento debe asinárselle un número identificativo.
IDENTIFICADOR DA CONCESIÓN	Concesión á que se refire o pagamento: Debe comunicarse o número único para cada beneficiario indicado na concesión
NÚMERO IDENTIFICATIVO DO BENEFICIARIO	NIF, NIE ou PASAPORTE
PAÍS EMISOR DO DOCUMENTO DO BENEFICIARIO	Só necesario e obrigatorio se o número identificativo é o PASAPORTE
IMPORTE DO PAGAMENTO	
DATA DO PAGAMENTO	Data da transferencia de fondos

Artigo 7.- Compensación económica e outros deberes do Concello.

7.1. Establécese unha compensación económica a favor da entidade colaboradora seleccionada de ata 50.000€, polos gastos de posta en funcionamento, xestión, entrega e distribución dos fondos, seguimento e control do programa Bonos PRESCO 2021, financiados con cargo á aplicación 20.931.479.01 do orzamento municipal.

O Concello abonará, contra xustificación real e efectiva do gasto corrente en que se tiver incorrido, ata un 50% desa cantidade á posta en funcionamento e uso da plataforma informática (aplicacións) requirida; outro 25% á finalización do programa de bonos e o 25% restante á xustificación final e completa da colaboración obxecto deste convenio, sen prexuízo do labor de inspección e control a efectuar polo Concello da Coruña.

7.2.- O concello, ademais das obrigas reflectidas no modelo de convenio anexo, entregará a entidade colaboradora o 30% dos fondos previstos para o pago dos bonos trocados, en cada modalidade, o día do comezo de vixencia do programa (6 de setembro de 2021). O resto do importe previsto para o dito programa irase aboando periodicamente en función do troco dos bonos polas canles de xustificación que a entidade colaboradora poña a disposición dos distintos establecementos e operadores económicos adheridos que se sinalen no convenio.

De cada entrega efectuada, o Concello reterá en concepto de garantía un 10% do importe ata chegar a un máximo retido do 10% do total da subvención. As cantidades retidas como garantía liberaranse no momento da aprobación da conta xustificativa da compensación económica polas funcións da entidade colaboradora.

7.3.- A compensación económica á entidade colaboradora, xunto co inicio do programa bonos PRESCO 2021 e polo tanto a entrega de fondos para a súa distribución entre os beneficiarios do programa, queda condicionada á aprobación definitiva e entrada en vigor do expediente modificativo M2/2021, aprobado inicialmente polo Pleno municipal o 8.07.2021, cuxo anuncio de exposición ao público foi publicado no BOP número 128 do 9.07.2021.

Artigo 8. Criterios de selección da entidade colaboradora

Os criterios obxectivos que servirán de base para a adxudicación deste procedemento de selección son os seguintes:

- Proposta técnica que describa coa amplitude e detalle precisos todos os elementos necesarios para a articulación da colaboración solicitada (70 puntos). Valorarase a calidade, usabilidade e dispoñibilidade das aplicacións informáticas necesarias para o desenvolvemento do programa e dos sistemas de control da entrega das axudas aos operadores económicos.
- Experiencia no desenvolvemento de campañas similares nos últimos tres anos (ata 30 puntos). Terase en conta o alcance desas campañas no relativo á poboación atendida, orzamento xestionado e tempo de vixencia.

Para a valoración das propostas presentadas, constituirase unha comisión, coa seguinte composición:

- Presidente: o Xefe de Servizo de Innovación Tecnolóxica do Concello da Coruña.
- Secretario: o Xefe de Servizo de Atención Cidadá e Interior do Concello da Coruña.
- Vogais: a Directora de Asesoría Xurídica e o Interventor Xeral do Concello ou os/as funcionarios/as que os substitúan; a Directora de Área de Cultura; o Director de Área de Innovación, Emprego e Comercio e o Director de Economía, Facenda e Réxime Interior.

Artigo 9. Lugar, forma e prazo de presentación das solicitudes.

As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica do Concello da Coruña: <https://sede.coruna.gal/>.

O prazo máximo de presentación das solicitudes será de 10 días naturais contados a partir do seguinte ao da publicación da presente convocatoria no Boletín Oficial da Provincia da Coruña. De igual xeito, difundirase a convocatoria na sede electrónica do Concello da Coruña.

De conformidade co artigo 68.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, se algunha das persoas interesadas presenta a súa solicitude presencialmente, será requirida para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela en que fose realizada a emenda. Para a presentación electrónica poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica do Concello da Coruña.

Artigo 10. Documentación complementaria.

As entidades interesadas deberán achegar coa solicitude a seguinte documentación:

- Escritura de constitución/modificación, NIF da entidade solicitante e habilitación para operar como entidade de crédito.
- DNI/NIE da persoa representante.
- Poderes acreditativos da representación da persoa que asina a solicitude de participación.
- Declaración responsable de non atoparse incurso nas prohibicións para obter a condición de entidade colaboradora do artigo 13 da LXS e o artigo 10 da LSG.
- Proposta técnica, memoria e toda a documentación que, a xuízo da entidade, permita á Administración valorar a solicitude conforme os criterios obxectivos fixados no artigo 6.
- Certificado de estar ao día no pagamento coa Seguridade Social, AEAT e ATRIGA.

A documentación complementaria deberá presentarse electronicamente.

As entidades interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, cando a relevancia do documento no procedemento o exixa ou existan dúbidas derivadas da calidade da copia, a Administración poderá solicitar de maneira motivada o cotexo das copias achegadas pola persoa interesada, para o que poderán requirir a exhibición do documento ou da información orixinal.

Artigo 11. Comprobación de datos

Para a tramitación deste procedemento consultarase automaticamente que as entidades interesadas se atopan ao día no pagamento das débedas co Concello da Coruña, salvo oposición expresa a esta consulta, que determinará a presentación directa das entidades do correspondente certificado.

Artigo 12. Resolución

O prazo máximo para resolver e notificar a resolución ás entidades interesadas será de oito días hábiles contados a partir do día seguinte ao da aprobación do informe de valoración das solicitudes. Se transcorre o prazo máximo para resolver sen que se dite resolución expresa, os interesados poderán entender desestimadas as súas solicitudes por silencio administrativo de conformidade co disposto no artigo 23.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, se ben a administración sempre ten a obrigaición de resolver expresamente.

Artigo 13. Notificacións.

As notificacións de resolucións e actos administrativos practícaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común. As notificacións electrónicas practícaranse mediante a comparecencia na sede electrónica do Concello da Coruña <https://sede.coruna.gal>

Este sistema remitirá ás persoas interesadas avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida. As notificacións entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido e rexeitadas cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido. Se o envío da notificación electrónica non for posible por problemas técnicos, practícarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Artigo 14. Trámites administrativos posteriores á presentación da solicitude.

Todos os trámites administrativos que as entidades interesadas deban realizar tras a presentación da solicitude deberán ser efectuados a través da sede electrónica do Concello da Coruña.

Artigo 15. Órganos competentes.

A Dirección de Economía, Facenda e Réxime Interior realizará a instrución deste procedemento, atendendo a avaliación efectuada pola comisión referida no artigo 8 desta convocatoria, elevarase a proposta de resolución ao Concelleiro de Economía, Facenda e Réxime Interior, que ditará a resolución que corresponda, actuando por delegación de competencias da Xunta de Goberno Local do 28 de xuño de 2019 (BOP Coruña, número 124 do 3 de xullo de 2019).

Artigo 16. Transparencia e bo goberno.

Deberá darse cumprimento ás obrigas de transparencia contidas na Lei 19/2013, de 9 de decembro de transparencia, acceso a información pública e bo goberno. De conformidade co artigo 8.1.c) da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, as subvencións e axudas públicas concedidas con indicación do seu importe, obxectivo ou finalidade e a entidade/persoa beneficiaria serán obxecto de publicación no Portal da Transparencia do Concello da Coruña <http://www.coruna.gal/transparencia/es/claridad-en-a-xestión/subvenciones-e-axudas>

Por ese motivo, a entidade colaboradora queda suxeita así mesmo a fornecer de forma periódica, actualizada, clara, veraz, obxectiva e accesible a información relevante para garantir a transparencia, facilitar o control cidadán da actuación pública e fomentar a participación, previo requirimento da administración municipal, para garantir o deber de publicidade activa do Concello da Coruña cumprindo coas esixencias da Lei 19/2013.

ANEXO I

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO E A ENTIDADE SELECCIONADA COMO COLABORADORA, _____, PARA A XESTIÓN, ENTREGA E DISTRIBUCIÓN DOS FONDOS CORRESPONDENTES ÁS AXUDAS PARA A DINAMIZACIÓN DA ACTIVIDADE ECONÓMICA E COMERCIAL DA CORUÑA: SECTOR DO COMERCIO POLO MIÚDO, SECTOR HOSTALEIRO, SECTOR CULTURAL, SECTOR DO TAXI E PARA AS BARBERÍAS E OUTROS TRATAMENTOS DE BELEZA, A TRAVÉS DOS BONOS PRESCO

A Coruña, de de 2021

REUNIDOS

Dunha parte,

Dona Inés Rey García, en nome e representación do Concello da Coruña con CIF- P1503000J, na súa condición de Alcaldesa Presidenta.

E doutra,

Don/Dona _____ actuando en nome e representación de _____ na súa condición de _____

Os comparecentes, que actúan en razón dos seus respectivos cargos, recoñécense mutua e reciprocamente a capacidade legal necesaria para a formalización do presente convenio e, en consecuencia,

EXPOÑEN

Primeiro. Que o Concello, en virtude do establecido na Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime Local, do 2 de abril, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, vai proceder á convocatoria de axudas económicas, dirixidas ao fortalecemento e a estimulación da demanda de diferentes sectores económicos que se viron afectados polo cesamento e a restricións da súa actividade económica e comercial como consecuencia da crise ocasionada pola COVID-19

As axudas faranse efectivas a través do programa de Bonos PRESCO, que poderán ser utilizados no sector do comercio polo miúdo, no sector da hostalería, sector cultural, sector do taxi e sector das barberías e outros tratamentos de beleza, radicados na cidade da Coruña e adheridos ao programa.

O PRESCO 2021 prevé a distribución mediante bonos dun total de 985.000 € co seguinte desglose:

- Bono 10 Comercio: destinado ao comercio de proximidade, cunha dotación de 400.000 euros
- Bono Hostalería: destinado á hostalería de proximidade, cunha dotación de 200.000 euros.
- Bono Salóns de Peiteado e Estética: destinado aos salóns de peiteado, barberías e centros de estética, cunha dotación de 100.000 euros.
- Bono Mobilidade (Taxi): destinado ao colectivo do taxi, cunha dotación de 50.000 euros.
- Bono Cultura: destinado a industria cultural, cunha dotación de 235.000 euros.

Os usuarios e usuarias deste programa de Bonos PRESCO serán todas aquelas persoas físicas maiores de idade que utilicen os servizos mencionados no parágrafo anterior e que son parte fundamental para o bo desenvolvemento desta campaña de apoio a estes sectores produtivos. Os beneficiarios serán os operadores económicos (persoas físicas ou xurídicas) dos sectores adheridos ao programa segundo os requirimentos descritos nas bases da convocatoria das axudas.

Segundo. Que a Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións (en adiante LXS), no seu artigo 12, define o termo *entidade colaboradora* como aquela que, actuando en nome e por conta do órgano concedente para todos os efectos relacionados coa subvención, entregue e distribúa os fondos públicos aos beneficiarios e beneficiarias cando así se estableza nas bases ou colabore na xestión da subvención sen que se produza a previa entrega e distribución dos fondos recibidos.

Á súa vez, no seu artigo 16.1, establece que se deberá formalizar un convenio de colaboración entre o órgano administrativo concedente e a entidade colaboradora no que se fixarán as condicións e obrigacións asumidas por esta. Unha regulación semellante atopámola nos artigos 9 e 13.4 da LSG.

Que a entidade _____ resultou seleccionada como entidade colaboradora na xestión, entrega e distribución dos fondos previstos no programa de reactivación económica dos sectores económicos sinalados no segundo parágrafo, a través dos Bonos PRESCO 2021.

Terceiro. Ambas as partes, por razóns de eficacia e co fin de conseguir unha mellor xestión das axudas, e de conformidade co disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións (LXS), no Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003 (RXS), a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LGS), a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP) e a Ordenanza Xeral de Subvencións da área de Benestar do Concello da Coruña (BOP Coruña do 19.02.2005), e subscriben o presente convenio de colaboración de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

1 Obxecto da colaboración.

Constitúe o obxecto do presente convenio establecer o marco da colaboración entre as partes asinantes para a xestión e distribución dos fondos das axudas económicas que se van a convocar para fortalecer o comercio local da Coruña, o sector hostaleiro, sector cultural, sector do taxi e o sector das barberías e outros tratamentos de beleza, radicados na cidade da Coruña e adheridos ao programa bonos PRESCO 2021, estimulando a demanda e reducindo o impacto económico derivado do cesamento e das restricións da actividade comercial como consecuencia da crise sanitaria ocasionada pola COVID-19.

2 Entidade colaboradora

..... é unha entidade colaboradora que cumpre co contemplado na convocatoria do procedemento de selección de entidades colaboradoras para a xestión das axudas económicas dirixidas a propiciar o fortalecemento do comercio local, o sector hostaleiro, sector cultural, sector do taxi e o sector das barberías e outros tratamentos de beleza, estimulando a demanda e reducindo o impacto económico derivado do cesamento e das restricións da actividade comercial como consecuencia da crise sanitaria ocasionada pola COVID-19.

3 Prazo de duración e execución do convenio.

O prazo de duración deste convenio estenderase desde o momento da sinatura ata o 31 de decembro de 2021, sen prexuízo das necesarias comprobacións e xustificacións que se deriven do mesmo.

O prazo para a execución das accións previstas neste documento axustarase ao período de vixencia do programa de bonos PRESCO 2021 previsto, desde o día 6 de setembro ata o 30 de novembro de 2021. En consecuencia, as facturas e/ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil deberán ser emitidas polos beneficiarios dentro do referido período.

Se o Concello decidise ampliar o a vixencia do programa de bonos máis alá do 30 de novembro, o prazo de duración do convenio quedará automaticamente prorrogado no tempo equivalente a esa extensión temporal ou aquel que se precise mediante addenda ao mesmo.

O órgano competente do Concello informará de xeito inmediato á entidade colaboradora da aprobación da dita ampliación do programa. Todo elo sen prexuízo da obriga da entidade colaboradora de acreditar axeitadamente a entrega de fondos aos beneficiarios e a súa trazabilidade.

4 Obrigas da entidade colaboradora.

A entidade colaboradora, sen prexuízo do disposto no artigo 15 da LXS, no artigo 12 da LSG e do establecido na convocatoria do procedemento de concorrencia para a selección dunha entidade colaboradora para a xestión do Programa de Reactivación Económica e Social da Coruña, a través dos Bonos PRESCO 2021, obrígase ao seguinte:

4.1 Xestionar, entregar e distribuír as axudas do programa mediante a habilitación dunha plataforma tecnolóxica específica e das aplicacións informáticas máis adecuadas para a posta en marcha, a eficaz execución e o seguimento do programa de tal forma que permita ter un seguimento, control e trazabilidade da emisión dos bonos, do seu troco nos establecementos e operadores económicos adheridos e do seu pago, de acordo coas previsións establecidas nesta mesma cláusula segunda, apartado 4.5.

4.2 Ter operativas a plataforma e/ou aplicacións informáticas, habilitando o procedemento operativo antes da entrada en vigor do programa, previsto para o 6 de setembro de 2021.

Cando menos, dende a plataforma e/ou aplicacións informáticas, incluírá os seguintes elementos para a xestión dos Bonos PRESCO:

- Posta a disposición de QR físicos para as persoas que non teñan acceso dixital no número que determine o Concello.

- Usabilidade dunha APP/WEB do usuario co obxecto de que as persoas que a utilicen podan ver os establecementos e operadores participantes, o saldo dos bonos, e outras utilidades que faciliten a xestión dos bonos por parte das persoas usuarias.
- Facilidades no sistema de xestión dos bonos por parte dos establecementos adheridos.
- Disponibilidade de achegar a factura ou ticket de compra á aplicación con obxecto de documentar a venta, ou no seu defecto, habilitar unha dirección electrónica para a súa recepción, sen prexuízo da habilitación dalgunha oficina na cidade para a mesma fin.

3.3 Utilizar a imaxe do programa definido polo Concello da Coruña en todos os soportes físicos e dixitais.

3.4 Poñer ao dispor do Concello da Coruña os seguintes informes semanalmente:

- Usuarios dados de alta no programa.
- Establecementos adheridos ao programa.
- Número de bonos descargados.
- Ventas por sector
- Ventas totais

3.5 Ser a depositaria dos fondos transferidos e entregar e distribuír os fondos públicos aos establecementos adheridos ao programa, sen ningún custo ou requisito adicional dos previstos no programa e con independencia de que sexan clientes/as da entidade, cunha periodicidade semanal. Estes fondos en ningún caso consideraranse integrantes do seu patrimonio.

3.6 Xestionar, controlar e supervisar o correcto destino dos fondos depositados na conta para o programa e, de ser o caso, coas instrucións específicas dadas polo Concello da Coruña.

3.7 Informar e controlar a non superación dos límites do saldo dispoñible dos bonos durante o programa e unha vez alcanzada a súa data de caducidade no fin do programa bonos PRESCO 2021, coa finalidade de realizar o reembolso dese saldo, se é o caso, ao Concello da Coruña.

3.8 Comunicar ao Concello da Coruña, a través do correspondente ficheiro, as operacións de liquidacións e transferencias realizadas, cunha periodicidade semanal.

3.9 Reintegrar os fondos públicos no suposto de incumprimento dos requisitos e deberes establecidos para a concesión da subvención e, en todo caso, nos supostos regulados no artigo 37 da LXS e o artigo 33 da LSG.

3.10 Cumprir, en materia de protección de datos, co Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos, coa Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, e coas demais disposicións vixentes sobre a materia, nos termos previstos na cláusulas 9 deste convenio.

Deberase manter a xestión das bases de datos do programa á marxe das bases de datos da clientela da entidade colaboradora, e non se poderá utilizar para ningún fin distinto da propia administración e xestión dos bonos.

3.11 Xustificar a entrega aos beneficiarios, dos fondos percibidos ante o órgano competente do Concello da Coruña e someterse os labores de inspección e control do Concello incluídas de ser o caso, as técnicas de mostraxe que se requiran.

3.12 Dispoñer de libros e rexistros contables para facilitar a adecuada xustificación da subvención e a comprobación do cumprimento das condicións establecidas.

3.13 Someterse ás actuacións de comprobación e control financeiro dos órganos competentes da Administración local, autonómica, estatal e comunitaria no exercicio das súas funcións.

3.14 Cumprir cos requisitos e deberes impostos pola Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e, particularmente, co disposto nolos seus artigos 13 e 15.

5 Deberes do Concello da Coruña. Entrega de fondos á entidade colaboradora

O Concello da Coruña comprométese a:

5.1 A entregar á entidade colaboradora, o 30% dos fondos previstos para o pago dos bonos, en cada modalidade, o día do comezo de vixencia do programa (6 de setembro de 2021). O resto do importe previsto para o dito programa irase aboando periodicamente en función da xustificación ou troco dos Bonos (na forma prevista no antepenúltimo parágrafo do apartado 6.3 do convenio), por parte dos usuarios, nos distintos establecementos e operadores económicos.

De cada entrega efectuada, o Concello reterá en concepto de garantía un 10% do importe ata chegar a un máximo retido do 10% do total da subvención. As cantidades retidas como garantía liberaranse no momento da aprobación da conta xustificativa da compensación económica polas funcións da entidade colaboradora.

5.2 Definir a imaxe do programa en todos os soportes físicos e dixitais.

5.3 Facilitar o contido das declaracións das altas dos usuarios e dos comerciantes (operadores económicos), así como das autorizacións expresas en materia de protección de datos, nos termos que se establezan no presente convenio e na orde de convocatoria do programa.

5.4 A xustificación de programa obxecto deste convenio realizarase unha vez cumprido o período de duración do mesmo segundo as especificacións deste convenio.

5.5 Compensar os gastos reais e efectivos, en que incorra a entidade colaboradora segundo o especificado na cláusula 8.

6 Operativa da xestión das axudas

6.1 A entidade colaboradora habilitará as aplicacións informáticas tecnicamente máis idóneas, segundo o especificado no punto 2 da cláusula cuarta, para dar de alta as persoas usuarias dos Bonos PRESCO, e identificará respecto de cada un deles a seguinte información:

- Nome e apelidos.
- Localidade de residencia (código postal).
- Maioría de idade.
- DNI.
- Número de teléfono móbil.
- Correo electrónico.

6.2 Habilitación da solución técnica para a descarga dixital dun bono por parte dos usuarios.

Cada persoa usuaria disporá dun máximo de 5 bonos, un bono por sector (comercio, hostalería, cultura, taxi e barberías e outros tratamentos de beleza), dos establecementos e/ou entidades adheridas ó programa. A súa aplicación efectuará os propios operadores económicos e, para tal efecto, a entidade colaboradora habilitará os mecanismos e canles necesarios.

Cada bono terá o valor determinado nas bases de convocatoria do programa.

O período de validez dos bonos comprenderá do 6 de setembro ao 30 de novembro de 2021.

O uso da aplicación e a descarga do bono polo usuario suporá a aceptación das condicións do seu uso e da política de privacidade, conforme o Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), e a Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, da que será informado convenientemente.

Para estes efectos, por medio dunha declaración responsable o usuario deberá manifestar, baixo a súa responsabilidade, que cumpre cos requisitos establecidos na convocatoria correspondente e que os datos indicados son certos. Así mesmo, deberán constar as autorizacións correspondentes en materia de protección de datos persoais nos termos que se establezan na orde de convocatoria do programa e no presente convenio.

6.3 O Concello da Coruña, mediante convocatoria pública, establecerá o prazo para que os operadores económicos dos sectores mencionados neste documento, interesados en adherirse ao programa de Bonos PRESCO 2021, poidan darse de alta na aplicación tecnolóxica habilitada pola entidade colaboradora para o efecto.

No alta dos establecementos/persoas autónomas/empresas (operadores económicos) deberá quedar constancia da seguinte información:

- Nome e apelidos/nome fiscal.
- Domicilio fiscal en Galicia.
- NIF/CIF.
- Nome, apelidos e DNI do representante.
- Nome comercial.
- Dirección do establecemento comercial.
- Número de teléfono móbil.

- Correo electrónico.
- IAE principal. Data de alta da actividade principal.
- CNAE
- IBAN da conta bancaria.
- Páxina web do establecemento comercial.

O alta e o uso da aplicación polos operadores económicos suporá a aceptación das condicións e deberes do programa e da política de privacidade, conforme o Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), e a Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, da que será informado convenientemente.

Para estes efectos, os operadores económicos deberán asinar dixitalmente unha declaración responsable manifestando o cumprimento das condicións establecidas e a veracidade dos datos indicados.

O sistema establecido estará habilitado de tal forma que permita ao Concello da Coruña bloquear ou dar de baixa altas na aplicación, por causas xustificadas.

O importe máximo de bonos que pode trocar cada operador económico, así como os descontos máximos para os usuarios será o establecido na convocatoria do programa, en cada unha das modalidades de bono.

Cada Bono identificado cun código QR terá o valor determinado na convocatoria do programa. Este importe irase reduciendo en función do valor de compra de acordo cos criterios establecidos na devandita orde da convocatoria.

A entidade colaboradora habilitará o sistema de funcionamento e troco dos bonos de tal forma que queden rexistrados o importe e concepto da compra, a identificación do bono e o importe descontado. De igual xeito, con cada venta ou prestación de servizo, achegarase á aplicación, debidamente habilitada ao efecto, imaxe da factura simplificada ou ticket xerado vinculada a acción de compra realizada, sen prexuízo da obriga dos operadores económicos da garda das facturas ou tickets orixinais para o seu control financeiro ou control por mostraxe. De non ser posible esta habilitación técnica, a entidade colaboradora disporá unha dirección electrónica para a recepción das facturas ou tickets que deberán presentar os operadores económicos adheridos, sen prexuízo da habilitación dalgunha oficina na cidade para a mesma fin.

A entidade colaboradora deberá entregar e distribuír aos operadores económicos adheridos o importe dos bonos trocados na conta bancaria indicada para tal efecto.

A entidade colaboradora operará a través dunha única conta corrente operativa exclusivamente para ese fin.

7 Contía da subvención, distribución, xustificación e inspección

A contía da subvención ascende á cantidade máxima total de 985.000 euros, co desglose correspondente a cada sector de actividade obxecto de bonos, a librar á Entidade colaboradora para a súa distribución ao operadores económicos adheridos voluntariamente ao programa.

O pagamento aos beneficiarios realizarase semanalmente, estando obrigados os operadores económicos adheridos a presentar á entidade colaboradora as facturas simplificadas ou medios probatorios equivalentes polas canles que esta poña a disposición daqueles. O pagamento, ademais dos requisitos fiscais esixidos normativamente, reflectirán as operacións realizadas con desagregación dos importes efectivamente abonados e os descontos obtidos tras a presentación dos bonos por parte das persoas consumidoras.

O concello de A Coruña resérvase o dereito para realizar, directamente ou coa colaboración da entidade colaboradora, a *posteriori* e de forma aleatoria cantas comprobacións, inspeccións e demais medidas de control que considere oportunas para asegurar a correcta aplicación de recursos públicos e para verificar o adecuado desenvolvemento e execución do programa subvencional.

Concretamente comprobará, a través de técnicas de mostraxe dos xustificantes que estime oportunos e que permitan obter evidencia razoable sobre a adecuada aplicación da subvención, a cuxo fin poderá requirir aos operadores económicos a remisión dos xustificantes de gasto seleccionados.

No suposto de que exista algún incumprimento por parte dos operadores económicos adheridos ao programa de bonos, o Concello de A Coruña poderá cancelar a súa participación na iniciativa de Bonos do Concello, comunicando a dita circunstancia á entidade colaboradora coa fin de impedir a troca e pagamento dos bonos, sen prexuízo dos procedementos de reintegro que sexa preciso iniciar de ser o caso.

Pola súa banda, os operadores económicos adheridos quedarán obrigados a manter as facturas ou tickets orixinais que cumpran o Real decreto 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se aproba o regulamento pola que se regulan as obrigas de facturación, e a facilitar tanta información sexa requirida polo Concello da Coruña e a entidade colaboradora e os restantes órganos de control no exercicio das súas funcións de fiscalización do destino das axudas.

Efectuarase o seguimento dos “Bonos PRESCO 2021” e a súa trazabilidade para acreditar o efectivo consumo e desconto correspondente ao importe dos bonos como medio de pagamento, a través da aplicación tecnolóxica que facilitará a entidade colaboradora, aos suxeitos beneficiarios e consumidores.

O Concello da Coruña, de igual xeito, inspeccionará e comprobará a actuación da entidade colaboradora respecto das accións ás que se obriga segundo o previsto neste convenio e sobre o bo uso e destino das fondos achegados polo concello para a entrega e distribución aos operadores económicos adheridos ao programa de bonos.

8 Compensación económica

A compensación económica a favor de polos gastos reais e efectivos de posta en funcionamento, xestión, entrega e distribución dos fondos, do presente programa é de ata 50.000 euros, financiados con cargo á aplicación 20.931.479.01 do orzamento municipal.

O Concello abonará o 50% desa cantidade á verificación da posta en funcionamento e uso da plataforma informática (aplicacións) requirida, outro 25% á finalización do programa de bonos e o 25% restante á xustificación final da colaboración obxecto deste convenio. En todo caso e para cada un dos *items*, previa xustificación dos gastos en que se tiver incorrido, nos termos fixados na convocatoria para a selección de entidade colaboradora e neste mesmo convenio.

Esta compensación económica queda condicionada á aprobación definitiva e entrada en vigor do expediente modificativo M2/2021, aprobado inicialmente polo Pleno municipal o 8.07.2021, cuxo anuncio de exposición ao público foi publicado no BOP número 128 do 9.07.2021.

Unha vez finalizada a actividade e, en todo caso, antes do 15 de decembro de 2021, a entidade colaboradora deberá presentar na sede electrónica do Concello da Coruña <https://sede.coruna.gob.es> a documentación para os efectos de xustificación do convenio. Este prazo de xustificación poderá ser ampliado, en función dos acordos dos órganos competentes do Concello.

Só serán admisibles aqueles gastos que, de xeito indubidable respondan á natureza da actividade obxecto da colaboración como gastos de persoal, gastos de profesionais, materiais e outros gastos xerais de subministracións e servizos efectuados por provedores para gastos correntes da actividade.

Respecto dos gastos presentados para a xustificación final, debe acreditarse fehacientemente no correspondente xustificante de gasto que este gasto está directamente ou indirectamente (gasto xeral) relacionado coa actividade.

Considerarase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación.

Só se admitirán gastos correntes, non os de natureza inventariable, realizados no período de vixencia do convenio.

En ningún caso o custo de adquisición poderá ser superior ao valor de mercado.

Para a obtención do 25% final da compensación, a entidade colaboradora deberá presentar ao Concello, unha vez finalizada convocatoria e aboadas ás axudas ás persoas beneficiarias, a seguinte documentación:

1.- Conta xustificativa, asinada pola persoa con poder de representación ou apoderado da entidade colaboradora, coa relación clasificada e desagregada dos gastos realizados como entidade colaboradora do programa dos Bonos PRESCO 2021, con indicación para gasto de: acredor/a; CIF/NIF do mesmo(a); nº factura; data de emisión da factura; base imponible; cota de IVE; total gasto; % do gasto imputado á actividade de colaboración; data de pago da factura e concepto da mesma co máximo detalle posible.

Os gastos xustificaranse preferentemente con facturas aínda que se poderán admitir outros documentos de igual valor probatorio admitidos no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa. As facturas e os documentos xustificativos de valor equivalente deberán reunir os requisitos establecidos no artigo 6 do Real Decreto 1619/2012, do 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de facturación.

No caso de facturas emitidas por persoas físicas por servizos profesionais a entidade colaboradora vén obrigada á retención do (IRPF), nos límites e excepcións que establece a Lei e Regulamento do imposto ou no seu caso, debendo acreditarse o ingreso na Axencia Tributaria cos modelos 111 e 190.

No caso de pago a persoas físicas que presten servizos retribuídos ou pago de axudas de custo, a entidade colaboradora vén obrigada á retención do (IRPF), nos límites e excepcións que establece a Lei e Regulamento do imposto ou no seu caso, e disposicións regulamentarias en vigor, debendo acreditarse o ingreso na Axencia Tributaria cos modelos 111 e 190.

No caso de imputarse gastos de persoal (nóminas) será obrigatoria a presentación dos documentos RLC (Relación de Liquidación de Cotizacións) e RNT (Relación Nominal de traballadores) –antigos TC1 e TC2–debidamente validados. O RLC deberá estar selado pola oficina recadadora e/ou ir acompañado de xustificante bancario, aínda no caso de que non se imputen custos de Seguridade Social.

O modelo RNT deberá ir asinado pola persoa autorizada en caso de confeccionarse telematicamente polo Sistema REDE. Deberá presentarse do modelo 111 (declaración trimestral) e do modelo 190 (resumo anual) acreditativo do ingreso na Axencia Tributaria (AEAT) das retencións practicadas ás persoas traballadoras suxeitas ao Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas (IRPF).

Admitiranse pagos en efectivo por importes de ata 500,00 euros. No caso de que o pago dun servizo estea fraccionado en varios pagos, o límite de 500,00 euros entenderase para o conxunto dos pagos correspondentes ao servizo, deberá achegarse recibo no que conste que ao emisor foille satisfeito o importe, con identificación da factura á que corresponde ou ben que no propio xustificante de gasto o emisor do mesmo acredite responsablemente con un NIF e unha sinatura que recibiu o importe e a data na que o recibiu.

En consecuencia, para acreditar a realización do pago de gastos superiores á devandita cantidade o sistema será a transferencia bancaria ou a domiciliación bancaria dos gastos, debendo acompañase á factura o xustificante de pago bancario (cartilla, extracto bancario, debo ou movemento bancario). Se o pago se realiza mediante talón ou cheque deberá achegarse ademais fotocopia do mesmo, e igualmente extracto ou movemento bancario, que acredite que o destinatario fixo efectivo o mesmo.

Tamén se considerará efectivamente pagado o gasto, coa cesión de crédito do dereito de cobro da subvención a favor dos acredores por razón do gasto realizado ou coa entrega aos mesmos dun efecto mercantil, garantido por unha entidade financeira ou compañía de seguros.

O Concello resérvase o dereito para comprobar, polos medios que estime oportunos, que a xustificación é correcta. Por tanto, o beneficiario quedará obrigado a facilitar canta información lle sexa requirida polo servizo xestor, a Intervención Xeral e os órganos competentes en censura de contas.

2.- Memoria da actividade realizada como entidade colaboradora. No documento farase mención, entre outros, aos medios materiais e persoais utilizados, o número de persoas beneficiarias e axudas concedidas, importe medio das axudas por persoa, tipoloxía das beneficiarias por especialidade e tamaño, datos cuantitativos e cualitativos dos produtos e servizos culturais consumidos, obxectivos e resultados conseguidos ou desviación fronte aos esperados e recomendacións e perspectivas de futuro.

9 Protección de datos

9.1. As partes asinantes virán obrigadas en materia de protección de datos a cumprir co Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos); coa Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, e coas demais disposicións vixentes sobre a materia.

As partes deberán respectar o secreto profesional e, en consecuencia, manter absoluta confidencialidade e reserva sobre a totalidade dos documentos, datos e informacións que lles sexan confiados para a formalización do programa ou que sexan elaborados con ocasión da súa execución, salvo que a comunicación derive dun deber legal ou mandato xudicial.

A entidade colaboradora, como encargada do tratamento dos datos, ten encomendada o labor de recollida, rexistro e almacenamento dos datos persoais necesarios para a tramitación dos Bonos PRESCO segundo as directrices establecidas por o Concello da Coruña, e garante expresamente, respecto dos datos de carácter persoal que se traten durante a xestión dos devanditos bonos:

- Que adoptará as medidas técnicas e organizativas necesarias para garantir a súa conservación e seguridade e evitar a súa alteración, perda, tratamento ou acceso non autorizado.
- Que non os comunicará a terceiras persoas.
- Que gardará o secreto profesional respecto destes.
- Que os utilizará única e exclusivamente para os efectos previstos neste convenio.

As obrigas anteriormente citadas non exclúen nin contraveñen os deberes que se citarán como condición de encargado do tratamento.

9.2. Deber de información aos usuarios do programa BONOS PRESCO 2021

Para os efectos previstos na normativa vixente sobre protección de datos de carácter persoal, o Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e de Consello do 27 de abril de 2016 (RGPD) e na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, informarase os usuarios e operadores económicos adheridos ao programa de Bonos PRESCO nos seguintes termos:

Os datos persoais facilitados serán tratados polo Concello da Coruña, en calidade de Responsable do Tratamento, co remate de levar a cabo a xestión administrativa para adherirse ao programa de Bonos PRESCO mediante a presente declaración responsable.

A base xurídica de lexitimación para o tratamento dos datos persoais radica no exercicio dos poderes públicos ou competencias conferidos e, na relación existente entre os usuarios e o Concello.

Os datos conservaranse durante o tempo necesario para cumprir coa finalidade para a que se solicitaron, e segundo a base xurídica do tratamento dos datos de conformidade coas obrigas legais, así como para determinar as posibles responsabilidades que se puidesen derivar da devandita finalidade e do tratamento dos datos. Con todo, os datos poderán ser conservados, no seu caso, co fin de arquivo de interese público, remates de investigación científica e histórica ou remates estatísticos.

Os datos non serán cedidos a terceiros, agás que sexan comunicados ás entidades públicas ou privadas, ás cales sexa necesario ou obrigatorio ceder estes para poder xestionar a súa solicitude, así como nos supostos previstos, segundo Lei.

Poderá exercitarse os dereitos de Acceso, Rectificación, Supresión, Limitación ou, no seu caso, Oposición. A estes efectos, deberá presentar un escrito no Rexistro de Entrada do Concello Praza de María Pita 1. 15001 A Coruña (España), ou, no seu caso, ao noso Delegado de Protección de Datos delegadodeprotecciondedatos@coruna.gal

No escrito deberase especificar cal destes dereitos solicita sexa satisfeito e, á súa vez, deberá mostrar ou, en caso de envío postal, acompañar a fotocopia do DNI ou documento identificativo equivalente. No caso de que actuase mediante representante, legal ou voluntario, deberá achegar tamén documento que acredite a representación e documento identificativo do mesmo.

Así mesmo, en caso de considerar vulnerados os dereitos á protección de datos persoais, poderase interpoñer unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos www.aepd.es

9.3 Encargado do tratamento

O Concello da Coruña ten a condición de responsable do tratamento de datos persoais e a entidade colaboradora ten a condición de encargada do tratamento; a entidade colaboradora comprométese ás seguintes condicións:

9.3.1 Tratar por conta do Concello da Coruña os datos de carácter persoal necesarios para a xestión dos Bonos PRESCO. A tipoloxía de datos tratados e as categorías de interesados serán unicamente os recolleitos nesta orde. O tratamento poderá consistir na recollida, rexistro, conservación, consulta, supresión e destrución da información.

9.3.2 Utilizar os datos persoais obxecto de tratamento, ou os que recolla para a súa inclusión, só para a finalidade obxecto deste encargo. En ningún caso poderá utilizar os datos para fins propios; neste suposto, será considerada como responsable do tratamento.

9.3.3 Tratar os datos de acordo coas instrucións do responsable do tratamento. Se o encargado do tratamento considera que algunha das instrucións infrinxe o RXP, a LOPDGDD ou calquera outra disposición vixente en materia de protección de datos, informará inmediatamente o responsable.

9.3.4 Levar por escrito, cando cumpra segundo o artigo 30 do RXP, un rexistro das actividades de tratamento efectuadas por conta do responsable, que inclúa o contido previsto no referido artigo.

9.3.5 Non comunicar os datos a terceiras persoas, salvo que conte coa autorización expresa do responsable do tratamento, nos supostos legalmente admisibles. O encargado pode comunicar os datos a outros encargados do tratamento do mesmo responsable, de acordo coas instrucións deste último.

9.3.6 Manter o deber de secreto respecto dos datos persoais a que teña acceso en virtude do presente convenio, mesmo despois de que finalice o seu obxecto.

9.3.7 Garantir que as persoas autorizadas para tratar datos persoais comprométanse, de forma expresa e por escrito, a respectar a confidencialidade e a cumprir as medidas de seguridade correspondentes, do que as informará convenientemente. O encargado manterá á disposición do responsable a documentación acreditativa do cumprimento desta obrigación.

9.3.8 Garantir a formación necesaria en materia de protección de datos persoais das persoas autorizadas para tratar este tipo de información.

9.3.9 Asistir o responsable do tratamento na resposta ao exercicio dos dereitos recoñecidos pola lexislación vixente en materia de protección de datos persoais, a través de medidas técnicas e organizativas apropiadas, para que este poida cumprir coa súa obrigaçión de responder as solicitudes dos interesados nos prazos previstos pola normativa vixente. Para iso, o encargado facilitará ao responsable, por requirimento deste e con moita brevidade, canta información sexa necesaria ou relevante para estes efectos. No caso de que os afectados solicitasen o exercicio dos seus dereitos ante o encargado do tratamento, este informaraos, a través de calquera medio fidedigno, de que poderán acceder ao procedemento previsto para iso en <https://sede.coruna.gal/>.

9.3.10 No caso de que o obxecto da contratación prevexa a recollida de datos directamente polo adxudicatario, este facilitará a información relativa aos tratamentos de datos que se vaian a realizar no momento de recadar os datos. A redacción e o formato en que se facilitará a información débense acordar co responsable e cumpriran en todo caso as esixencias previstas no RXPd e na LOPDGDD.

9.3.11 Notificar ao responsable do tratamento, de forma inmediata e implementando as medidas de seguridade necesarias, as violacións da seguridade dos datos persoais ao seu cargo de que teña coñecemento, xunto con toda a información relevante para a documentación e comunicación do incidente, de ser o caso, á Axencia Española de Protección de Datos, conforme o previsto no artigo 33 do RXPd.

9.3.12 Dar apoio ao responsable do tratamento na realización das avaliacións de impacto relativas á protección de datos e na realización das consultas previas á autoridade de control, cando cumpra.

9.3.13 Implantar, nos casos que aplique, as previsións recollidas no Real decreto 3/2010, do 8 de xaneiro, polo que se regula o Esquema nacional de seguridade no ámbito da administración electrónica (ENS). En todo caso, implantará as medidas de seguridade necesarias para:

- Garantir a confidencialidade, integridade, dispoñibilidade e resiliencia permanentes dos sistemas e servizos de tratamento.

- Restaurar a dispoñibilidade e o acceso aos datos persoais de forma rápida, en caso de incidente físico ou técnico.

- Verificar, avaliar e valorar, de forma regular, a eficacia das medidas técnicas e organizativas implantadas para garantir a seguridade do tratamento. Seudonimizar e cifrar os datos persoais, se for necesario.

9.3.14 Poñer á disposición do responsable toda a información necesaria para demostrar o cumprimento das súas obrigas, en particular, certificados de cumprimento da normativa expedidos por entidades acreditadas ou, en caso de non existir, facilitando a realización das auditorías ou as inspeccións que realice o responsable ou outro auditor autorizado.

9.3.15 Designar un delegado de protección de datos, segundo o previsto no artigo 37 do RXPd e no artigo 34 da LOPDGDD, e comunicar a súa identidade e datos de contacto ao responsable, sen prexuízo da preceptiva inscrición na AEPD.

9.3.16 Devolver ao responsable, unha vez cumpridas as prestacións obxecto do presente convenio, os datos persoais e, de ser o caso, os soportes onde consten. A devolución suporá o borrado total dos datos existentes nos equipos informáticos utilizados polo encargado. Con todo, este último poderá conservar unha copia dos datos estritamente necesarios, debidamente bloqueados, mentres poidan derivar responsabilidades da execución da prestación.

10. Obriga de remisión de datos para o envío a Base de datos nacional de subvencións (BDNS)

A entidade colaboradora, sen prexuízo das obrigas deste convenio, deber de remitir á Intervención Xeral do Concello en formato electrónico (ficheiro tipo XLS), a información dos operadores económicos beneficiarios finais da axuda, que se deben enviar á Base de datos nacional de subvencións (BDNS), cos datos mínimos seguintes:

1.- TÁBOA DE CONCESIÓNS

CAMPO	OBSERVACIÓNS
IDENTIFICADOR DA CONCESIÓN	Número único para cada beneficiario. Se cumpre esta condición de unicidade pode utilizarse o número de expediente en OpenCertiac
NÚMERO IDENTIFICATIVO DO BENEFICIARIO	NIF, NIE ou PASAPORTE
PAÍS EMISOR DO DOCUMENTO DO BENEFICIARIO	Só necesario e obrigatorio se o número identificativo é o PASAPORTE
DATA DA CONCESIÓN	Data da primeira concesión no caso de que teña varios pagamentos
NOME DO BENEFICIARIO/ DENOMINACIÓN SOCIAL	Os apelidos deben consignarse nos campos correspondentes
APELIDO 1 DO BENEFICIARIO	
APELIDO 2 DO BENEFICIARIO	
DOMICILIO DO BENEFICIARIO	
CÓDIGO POSTAL DO DOMICILIO	
LOCALIDADE DO DOMICILIO	
PROVINCIA DO DOMICILIO	
TIPO DE BENEFICIARIO	Debe indicarse algún destes valores: FSA: Persoa física que non desenvolve unha actividade económica JSA: Persoa xurídica que non desenvolve unha actividade económica PFA: PEMES ou persoas físicas que desenvolven unha actividade económica GRA: Gran empresa
SECTOR ECONÓMICO	Só necesario é obrigatorio cando o tipo de beneficiario é PFA ou GRA. Só poderán admitirse valores da clasificación CNAE 09 correspondente ao beneficiario.
IMPORTE DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA	
CUSTO TOTAL DA ACTIVIDADE	No caso de financiamento de actividades é preciso sinalar o custo total da actividade financiada. Se a axuda non está vinculada ao desenvolvemento dunha actividade concreta orzamentada polo beneficiario na súa solicitude consignarase o importe da subvención.

2.- TÁBOA DE PAGAMENTOS

CAMPO	OBSERVACIÓNS
IDENTIFICADOR DO PAGAMENTO	A cada pagamento debe asinárselle un número identificativo.
IDENTIFICADOR DA CONCESIÓN	Concesión á que se refire o pagamento: Debe comunicarse o número único para cada beneficiario indicado na concesión
NÚMERO IDENTIFICATIVO DO BENEFICIARIO	NIF, NIE ou PASAPORTE
PAÍS EMISOR DO DOCUMENTO DO BENEFICIARIO	Só necesario e obrigatorio se o número identificativo é o PASAPORTE
IMPORTE DO PAGAMENTO	
DATA DO PAGAMENTO	Data da transferencia de fondos

11 Comisión de seguimento do convenio

Constituirase unha comisión de seguimento composta por dúas persoas designadas polo Concello e outras dúas pola entidade colaboradora, como mecanismo de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e dos compromisos adquiridos polos asinantes. Esta comisión celebrará ao menos unha reunión mensual, que poderá realizarse telematicamente.

A comisión de seguimento procurará resolverá os problemas de interpretación e cumprimento que podan xurdir no desenvolvemento do convenio. Agora ben, dada a natureza deste convenio de entidade colaboradora, en materia de subvencións, de non acadarse acordo entre os seus integrantes, resolverá a administración concedente das axudas, nos termos previstos na cláusula 15.

12 Modificación do convenio.

Este convenio poderá ser obxecto de modificación, tanto en canto ao seu contido, como a súa duración. No caso de afectar ás obrigas económicas deberán cumprirse en todo caso os tramites establecidos pola normativa para a execución do gasto público.

En caso de non acadarse acordo entre as partes para a modificación, o Concello ten a prerrogativa de decidir a súa modificación.

13 Resolución do convenio.

Son causas de resolución deste convenio:

13.1. O transcurso do prazo de vixencia do convenio sen que o Concello acordase a súa prórroga.

13.2. O acordo unánime das partes asinantes.

13.3. O incumprimento total ou parcial das estipulacións contidas nas cláusulas ou no articulado da orde pola que se convoca o procedemento de selección de entidades colaboradoras, sen prexuízo da tramitación dos compromisos adquiridos con anterioridade sobre expedientes de axudas en curso.

13.4. Calquera outra causa distinta das anteriores prevista na lexislación vixente.

Para os efectos do reintegro das subvencións, aplicarase o disposto no título II da LXS e o título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

14. Resolución acerca de interpretación, efectos, modificacións, cumprimento do convenio.

As cuestións xurdidas acerca da interpretación, modificación ou efectos do convenio, serán resoltas polo Concello da Coruña a través da persoa titular da Concellería de Economía, Facenda e Réxime Interior, por delegación da Xunta de Goberno Local, e os seus acordos poñerán fin á vía administrativa. En todo caso, o Concello resérvase a prerrogativa de resolución unilateral dada a condición de convenio previsto na lexislación subvencional, nos casos en que non se acade un acordo a través da comisión de seguimento.

Contra estes acordos cabe interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes ante o mesmo órgano que ditou a resolución, segundo o previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; ou poderá interpoñerse directamente ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da notificación do acto que poña fin á vía administrativa, se o devandito acto fóra expreso. Se non o for, o prazo será de seis meses e contarase, para o solicitante e outros posibles interesados, a partir do día seguinte a aquel en que, de acordo coa súa normativa específica, prodúzase o acto presunto, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

15. Natureza administrativa

O presente convenio ten natureza administrativa e queda fóra do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, sen prexuízo da aplicación dos principios e criterios da devandita lei para resolver as dúbidas ou lagoas que poida presentar.

Rexerase polas súas propias cláusulas e, supletoriamente, polas normas xerais do dereito administrativo.

As dúbidas que poidan xurdir en relación coa interpretación e cumprimento do convenio resolveranse de común acordo, sen prexuízo da competencia da orde xurisdicional contenciosa-administrativa.

16. Réxime xurídico

Para todo o non previsto neste convenio observarase a Lei 38/2003, xeral de subvencións e o seu regulamento; a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; a Ordenanza Xeral de Subvencións da Área de Benestar do Concello da Coruña (BOP Coruña do 19.02.2005), a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, así como as restantes normas xerais de dereito administrativo.

As partes que subscriben o presente documento colaborarán en todo momento de acordo cos principios de boa fe e eficacia, para asegurar a correcta execución do pactado e para fomentar e impulsar o desenvolvemento das actuacións relacionadas.

E en proba da conformidade cos termos do presente convenio, as partes asínano e rubricano no lugar e na data indicada na cabeceira.

A Alcaldesa da Coruña

Entidade Colaboradora

Dña. Inés Rey García

D./Dña _____

A Coruña, a 30 de xullo de 2021

Por delegación de la Xunta de Goberno Local (03/07/2019)

Director da Área de Economía, Facenda e Réxime Interior

Manuel Ángel Jove Losada